# Facultade de Belas Artes

## Localización e contacto

Facultade de Belas Artes de Pontevedra

R/ Maestranza, 2
36002 Pontevedra

986 80 18 00

bbaa@uvigo.es

belasartes.uvigo.es

## Equipo decanal

**Decano**
Ignacio Barcia Rodríguez
*dfba@uvigo.es*

**Vicedecana de organización académica**
Paloma Cabello Pérez
*vdfba@uvigo.es*

**Vicedecana de relacións externas**
Lola Dopico Aneiros
*extfba@uvigo.es*

**Secretario**
Juan Carlos Meana Martínez

**Secretaría do Decanato**
Maximino Villaverde
*sdfba@uvigo.es*

Tlf: 986 801 806
Fax: 986 801 883

## Calendario Escolar

**1.-** O período lectivo do curso académico comprenderá do día **21** de setembro de 2009 ao **30** de xullo de 2010. O mes de agosto non será lectivo.

**2.-** As actividades académicas comezarán e rematarán nas datas seguintes:

Primeiro cuadrimestre: inicio: **21** de setembro de 2009 /remate: **3** de febreiro de 2010.

Segundo cuadrimestre:inicio: **4** de febreiro de 2010 / remate: **7** de xuño de 2010.

**3.-** Cando estea previsto a realización de probas de avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades quedando o calendario recomendado de probas de avaliación organizado en tres períodos:

**Datas das probas de avaliación**

| | |
|---|---|
| Primeiro cuadrimestre | entre o **21** de xaneiro e o **3** de febreiro de 2010. |
| Segundo cuadrimestre | entre o **25** *de maio ao* **7** de xuño de 2010. |
| Xullo | entre os días **1** *ao* **15** de xullo de 2010. |

**4.-** As clases interromperanse dende o día **21** de decembro de 2009 ata o día **8** de xaneiro de 2010 (ambos os dous incluídos), os días **15** e **16** de febreiro e dende o día **27** de marzo ao **5** de abril de 2010 (ambos os dous incluídos).

**5.-** Terá carácter festivo o día **28** de xaneiro de 2010 (celebración do patrón da Universidade). Posuirán o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais.

**6.-** Así mesmo, terá carácter festivo a data da festa do Centro, San Ero, o venres 7 de maio

## Secretaría de alumnado

**Xefa de administración**
María del Pilar Lores Baena

**Posto Base**
Monserrat Vila Costas

Teléfono: 986801805
Fax: 986801883
*secfba@uvigo.es*

**Horario de atención ó público: de 9:00 a 14:00 h**

## Biblioteca

**Horario: Luns a venres de 8:30 a 20:30h salvo verán, semana santa e nadal.**

A Biblioteca de Belas Artes forma parte do conxunto da Biblioteca Universitaria de Vigo (BUV) polo que se rexerá polo Regulamento da BUV aprobado en Xunta de Goberno o 27de febreiro de 2002 e pola Normativa de Préstamo. Conta con cincuenta e cinco títulos de publicacións periódicas e nove mil seiscentos títulos de monografías, a mioría de acceso directo na sala.

Dirección:
Biblioteca da Facultade de Belas Artes
Rúa Maestranza, 2
36002 Pontevedra

Teléfono:
986 80 18 36

Correo electrónico:
presbel@uvigo.es

**Técnicos especialistas de biblioteca**
Ana Prieto Bereijo (quenda de mañá)
Ana Cecilia Rodríguez Buján (quenda de tarde)

**Páxina web da Biblioteca da Universidade de Vigo:**
www.uvigo.es/biblioteca

**Catálogo da Biblioteca da Universidade de Vigo:**
http://biblio.cesga.es/search*gag

O catálogo recolle tódolos fondos da Bibioteca da Universidade de Vigo e pódese consultar a través de internet.

**Servizos**
Lectura en sala
Préstamo a domicilio de fondos bibliográficos de tódala Biblioteca Universitaria
Reproducción de documentos: para reproduci-los documentos da biblioteca que non poidan ser prestados. O usuario terá á súa disposición na sala unha fotocopiadora de tarxeta dependente do servicio de reprografía da facultade.

Os servicios máis especializados (como ó acceso a internet para buscas bibliográficas, consulta asistida en bases de datos, etc...) así como a dirección, xestión e coordinación de tódalas bibliotecas do Campus de Pontevedra atópase na Biblioteca Central do Campus.

**Biblioteca Central do Campus de Pontevedra**
Campus A Xunqueira
(Edificio Fac. de Ciencias Sociais)
36005 - Pontevedra

## Laboratorios e obradoiros

**Obradoiros multiusos**

**Horario durante o curso académico: De luns a venres de 9:00 a 21:00 h.**

**Técnicos especialistas responsables:**
Fernando Portasany
Eduardo Calzado Díaz.

Estes talleres están a cargo de técnicos especialistas que supervisan e apoian o traballo de investigadores e estudiantes, proporcionando o asesoramento técnico necesario. Os talleres están dotados de ferramenta de man e maquinaria específicas.
**Taller de Metal**
**Taller de Madeira**
**Taller de Cerámica**
**Taller de Plástico**
**Taller de Outros Materiales**

**Aula de internet**
A Aula Informática está asistida por un bolseiro da UVI. Nela os estudiantes dispoñen de equipamentos informáticos para a realización de traballos e de acceso a Internet para consultas relacionadas cos seus estudios.

**Laboratorio de audiovisuais**
O laboratorio de Audiovisuais está destinado á investigación e á docencia. Dispón de quince postos dotados con equipamentos de edición dixital.

**Laboratorio de informática**
O laboratorio de Informática está destinado á investigación e á docencia. Dispón de vinte postos dotados con equipamentos informáticos para edición de imaxe dixital, 3D, deseño de páxinas Web e tratamento fotográfico dixital.

**Laboratorio de Técnicas gráficas**

Técnico especialista responsable:
José Angel Zabala Maté.

O laboratorio de Técnicas gráficas está destinado á docencia e investigación. Dispón de instalacións para gravado calcográfico, serigrafía, etc..

**Laboratorio de fotografía**

Técnico especialista responsable:
Andrés Pinal Rodriguez

# Grao en Belas Artes

## Materias

### Curso 2

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| P01G010V01301 | Expresión gráfica: Sistemas de representación | 1c | 6 |
| P01G010V01302 | Psicoloxía: Psicoloxía da arte | 1c | 6 |
| P01G010V01303 | Arte, linguaxe e representación | 1c | 6 |
| P01G010V01304 | Escultura | 1c | 6 |
| P01G010V01305 | Técnicas gráficas | 1c | 6 |
| P01G010V01401 | Arte: Arte e modernidade | 2c | 6 |
| P01G010V01402 | Debuxo | 2c | 6 |
| P01G010V01403 | Imaxe en movemento | 2c | 6 |
| P01G010V01404 | Pintura | 2c | 6 |
| P01G010V01405 | Procesos de espazo e tempo | 2c | 6 |

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Expresión gráfica: Sistemas de representación** | | | | |
| Materia | Expresión gráfica: Sistemas de representación | | | |
| Código | P01G010V01301 | | | |
| Titulación | Grao en Belas Artes | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Debuxo | | | |
| Coordinador/a | Fariña Busto, Maria Jose | | | |
| Profesorado | Alvarez Martinez, Inge Matilde<br>Fariña Busto, Maria Jose | | | |
| Correo-e | pepa@coag.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia pretende introducir o alumno/a no estudo dos sistemas de representación, establecendo a correspondencia coa representación espacial na obra artística.<br><br>A necesidade de establecer unha linguaxe que sirva como medio de expresión e de comunicación tanto nos procesos de investigación sobre as formas, como na comprensión gráfica de bosquexos e proxectos artístico e técnicos, dá lugar ao nacemento do chamado Debuxo Técnico, termo no que se engloba o estudo dos sistemas de representación.<br><br>A materia introducirá o alumnado na resolución de problemas xeométricos e de simulación do espazo tridimensional no plano, achegándoo á representación da realidade próxima. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A6 | Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte |
| A9 | Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística |
| A13 | Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese. Analizar, interpretar e sintetizar as fontes |
| A14 | Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística |
| A25 | Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico. |
| A26 | Capacidade de curiosidade e de sorpresa máis para alén da percepción práctica. Desenvolver a percepción mental para alén do retiniano |
| A36 | Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística |
| A38 | Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade |
| A42 | Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística |
| B1 | Capacidade de xestión da información. |
| B2 | Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo |

| Competencias de materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Coñecemento das relacións entre percepción, imaxinación e representación. | A6<br>A9<br>A13<br>A38 |
| Coñecementos básicos dos métodos de representación utilizados en arte. | A9<br>A14 |
| Coñecementos básicos de perspectiva. | A9<br>A14 |
| Coñecementos básicos da representación a escala. | A9<br>A14 |
| Capacidade básica para comprender procesos de representación. | A6<br>A26 |

| | | |
|---|---|---|
| Capacidade para a visión espacial. | A6<br>A25 | |
| Capacidade para a visualización e interpretación de representacións espaciais. | A14 | B1<br>B2 |
| Habilidades básicas de representación. | A36<br>A42 | |
| Habilidades para aplicar sistemas de representación en procesos creativos. | A42 | |
| Habilidade para manexar procesos de representación a escala. | A36<br>A42 | |
| Habilidade para a interpretación de representacións espaciais | A42 | |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Tema 1. Unha historia da representación: a orixe da perspectiva. | O debuxo espacial na antigüidade. Desenvolvemento da teoría da perspectiva artificial: Filippo Brunelleschi. Leon Battista Alberti. Máquinas de debuxar.<br>A representación espacial na obra de arte. |
| Tema 2. O espacio e o plano. | Proxeccións. Clases.<br>Xeometría descriptiva: Sistemas de representación.<br>Aplicacións: a representación do obxeto e do espacio. |
| Tema 3. Sistema cónico. Perspectiva cónica. | Fundamentos do sistema.<br>Elementos fundamentais do sistema cónico. |
| Tema 4. Presentación e representación. | Instrumentos de medida e intrumentos de trazado.<br>O papel. Formatos normalizados e dobrado.<br>Medida e orden. Escalas: escala numérica e escala gráfica.<br>Acotación. |
| Tema 5. Entre a idea e a realidade. | A maqueta: representación tridimensional a escala.<br>Materiales y herramientas. |
| Tema 6. Sistema diédrico. | Elementos fundamentais do sistema diédrico.<br>Representación do punto. Posicións do punto.<br>Representación da recta: puntos notabeis da recta. Partes vistas e ocultas. Posición particulares da recta.<br>Representación do plano. Recta situada nun plano. Rectas singulares dun plano.. Posicións particulares do plano.<br>Interseccións: intersección de recta e plano. Intersección de planos. |
| Tema 7. Sistema cónico. Perspectiva cónica (continuación) | Representación do punto.<br>Representación da recta.<br>Métodos perspectivos: método directo.<br>Método de trazas e punto de fuga.<br>Representación do plano. Posicións do plano.<br>Interseccións. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | 10 | 0 | 10 |
| Traballos de aula | 44 | 0 | 44 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 0 | 28 | 28 |
| Saídas de estudo/prácticas de campo | 0 | 12 | 12 |
| Estudos/actividades previos | 0 | 13 | 13 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 0 | 37 | 37 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | 2 | 0 | 2 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Toma de contacto cos estudantes e presentación da materia, enumerando os obxectivos que se perseguen, especificando os contidos, explicando a metodoloxía que se empregará e aclarando os criterios e formas de avaliación. |
| Sesión maxistral | Explicación dos contidos da materia de forma teórica, con apoio de información gráfica para a súa correcta comprensión. |

| | |
|---|---|
| Traballos de aula | Desenvolvemento de exercicios prácticos a partir dos coñecementos teóricos da materia obxecto de estudo, baixo a supervisión da profesora, con atención individualizada e posta en común global. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Desenvolvementos de exercicios que axuden a asentar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas, con apoio da bibliografía especificada. |
| Saídas de estudo/prácticas de campo | Actividade na que o estudante aplicará os seus coñecementos na realización de prácticas no exterior e visitas a exposicións. |
| Estudos/actividades previos | Preparación de exercicios e prácticas coa lectura de bibliografía e co estudo de documentación gráfica de referencia. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Desenvolvemento de exercicios prácticos de forma autónoma partindo das directrices dadas pola profesora e supervisión destes exercicios nas titorías. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | A realización de exercicios na aula implica un seguimento continuado e personalizado por parte da profesora, que supón tamén unha posta en común co conxunto do grupo o cun número limitado de estudantes, segundo as necesidades de cada un deles Efectuarase un seguimento personalizado dos traballos que se realizan fóra da aula nas horas de titoría. |
| Traballos de aula | A realización de exercicios na aula implica un seguimento continuado e personalizado por parte da profesora, que supón tamén unha posta en común co conxunto do grupo o cun número limitado de estudantes, segundo as necesidades de cada un deles Efectuarase un seguimento personalizado dos traballos que se realizan fóra da aula nas horas de titoría. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Traballos de aula | Resolución de exercicios vinculados directamente aos contidos teóricos da materia.<br>Probas prácticas específicas que se desenvolveran na aula e que engloban os coñocementos adquiridos tanto nas leccións maxistrais como nos exercicios e no dominio da representación a eles vinculado. | 80 de la nota final. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Realización de exercicios fóra da aula que reflicten, de acordo cos contidos da materia, os coñecementos adquiridos na representación espacial sobre un soporte bidimensional. | 20 de la nota final. |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia será continuada, polo que tendrase en conta a evolución do estudante ao longo do curso. Condición necesaria pra a obtención dunha avaliación positiva será a asistencia as clases e a participación nas mesmas, así como a realización dos diversos exrcicios prácticos, tanto os desenvolvidos na aula como os efectuados fora da mesma.

Para presentarse a convocatoria de Xullo, consistente no desenrolo duns exercicios na aula, será preciso a entrega previa dos exercicios do curso que se determinen.

A avaliación da materia será continuada, polo que se terá en conta a evolución de cada estudante ao longo do curso. A condición necesaria para a obtención dunha avaliación positiva será a asistencia ás clases e a participación nelas, así como a realización dos diversos exercicios prácticos, tanto os desenvolvidos na aula como os efectuados fóra dela.
Para presentarse á convocatoria de xullo, que consiste na realización duns exercicios na aula, será precisa a entrega previa de todos os exercicios desenvolvidos durante o curso.

## Bibliografía. Fontes de información


DAMISCH, Hubert, **El origen de la perspectiva**, Alianza Editorial S.A.,

GONZALO GONZALO, Joaquín, **Sistema diédrico directo**, Editorial Dossat,

IZQUIERDO ASENSI, Fernando, **Geometría descriptiva**, Paraninfo,

IZQUIERDO ASENSI, Fernando, **Ejercicios de Geometría descriptiva**, Paraninfo,

RODRÍGUEZ DE ABAJO, F. Javier, **Geometría descriptiva. Sistema cónico**, Editorial Donostiarra,

RODRÍGUEZ DE ABAJO, F. Javier, **Geometría descriptiva. Sistema diédrico**, Editorial Donostiarra,

GÓMEZ MOLINA, J.J.(Coord.), **Máquinas y herramientas de dibujo**, Ediciones Cátedra,

ARNHEIM, Rudolf, **El poder del centro**, Alianza Editorial S.A.,

GOMBRICH, Ernst H., **La imagen y el ojo**, Alianza Editorial, S.A.,

KUBOVY, Michael, **Psicología de la perspectiva y el arte del Renacimiento**, Editorial Trotta,

NAVARRO DE ZUVILLAGA, Javier, **Imágenes de la perspectiva**, Editorial Siruela,

MERLEAU-PONTY, Maurice, **Fenomenología de la percepción**, Ed. Península/Edicions 62,

## Recomendacións

### Outros comentarios

É necesario o seguimento continuado da materia, repasando ao termo das clases os contidos cos que se estivo traballando e incidindo nos distintos exercicios levados a cabo ata a súa total comprensión. Planificaranse os exercicios que teñen que desenvolverse fóra da aula para que, no momento da entrega, estean totalmente terminados, revisados e se poida ter recapacitado sobre eles, de maneira que calquera cuestión que poida xurdir sobre poida ser aclarada de forma conveniente sen dúbidas ou improvisacións.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Psicoloxía: Psicoloxía da arte** | | | | |
| Materia | Psicoloxía: Psicoloxía da arte | | | |
| Código | P01G010V01302 | | | |
| Titulación | Grao en Belas Artes | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | Perez Fabello, Maria Jose | | | |
| Profesorado | Perez Fabello, Maria Jose | | | |
| Correo-e | fabello@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://faitic.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | Esta materia proporciónalles aos alumnos un marco teórico-práctico no estudo da percepción, a memoria e o proceso creativo que lles serve de instrumento para reflexionar no mundo artístico. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A4 | Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade |
| A22 | Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo |
| A23 | Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas |
| A25 | Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico. |
| A26 | Capacidade de curiosidade e de sorpresa máis para alén da percepción práctica. Desenvolver a percepción mental para alén do retiniano |
| A27 | Capacidade de traballar de maneira autónoma. Desenvolver a capacidade de suscitar, desenvolver e concluír o traballo artístico persoal |
| A28 | Capacidade de traballar en equipo. Capacidade de organizar, desenvolver e resolver o traballo mediante a aplicación de estratexias de interacción |
| A29 | Capacidade de iniciativa propia e de automotivación |
| A30 | Capacidade de perseveranza. Desenvolver a constancia necesaria para resolver as dificultades inherentes á creación artística |
| A33 | Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento |
| A34 | Capacidade de colaboración con outras profesións e especialmente cos profesionais doutros campos. Identificar os profesionais adecuados para desenvolver adecuadamente o traballo artístico |
| A37 | Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística |
| B6 | Capacidade de traballar en equipo. |

| Competencias de materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Coñecementos básicos dos procesos cognitivos básicos da percepción e memoria. | A22<br>A25<br>A27<br>A30 |
| Coñecementos básicos do proceso creativo, a imaxinaría mental e os mapas cognitivos. | A27<br>A30<br>A33 |
| Capacidade de comprensión das implicacións dos procesos de percepción, memoria e emoción no proceso artístico. | A26<br>A27 |
| Capacidade de comprensión da importancia do proceso creativo, a imaxinaría mental e os mapas cognitivos na creación artística. | A26<br>A27 |
| Capacidade para analizar e valorar a influencia social e o pensamento social e as súas implicacións na arte. | A4<br>A25<br>A27 |
| Capacidade para contemplar distintas posibilidades na resolución dun problema. | A26<br>A29<br>A37 |

| | | |
|---|---|---|
| Capacidade para comprender e valorar distintos discursos. | A29<br>A34 | |
| Capacidade para a procura do coñecemento a través de distintas vías. | A22<br>A29 | |
| Capacidade para percibir e interpretar acontecementos con flexibilidade. | A22<br>A34<br>A37 | |
| Capacidade para reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe. | A25<br>A33 | |
| Capacidade para desenvolver criterios de avaliación e aplicalos ao proceso de aprendizaxe. | A22<br>A33<br>A34 | |
| Habilidade para a creación de imaxes mentais. | A22<br>A33 | |
| Habilidade para dialogar e chegar a acordos en traballos en grupo. | A23<br>A28 | B6 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| TEMA I. Introdución | Intereses en Psicoloxía.<br>1. Obxecto de estudo.<br>2. Distintas visións.<br>3. Distintos métodos. |
| TEMA II. O mundo da percepción | 1. O ollo e a cámara fotográfica.<br>2. A percepción como constructo mental.<br>3. A ciencia da percepción.<br>4. Principais teorías sobre a percepción. |
| TEMA III. Constancia perceptual | 1. Constancia da cor.<br>2. Constancia da luminosidade.<br>3. Constancia da forma.<br>4. Constancia do tamaño. |
| TEMA IV. Percepción de obxectos | 1. Organización da percepción. A Gestalt.<br>2. Procesamento neuronal.<br>3. Procesamento perceptual.<br>4. Coñecemento, experiencia e procesamento. |
| TEMA V. Percepción do espazo | 1. Claves oculomotrices.<br>2. Claves pictóricas.<br>3. Claves producidas polo movemento.<br>4. Disparidade binocular e estereopsia.<br>5. Desenvolvemento da visión binocular. |
| TEMA VI. Ilusións perceptuais | 1. Tipos de ilusións.<br>2. Ilusión horizontal-vertical.<br>3. Ilusión da lúa.<br>4. Ilusión de Muller-Lyer.<br>5. Ilusión de Ponzo.<br>6. Figuras ambiguas e imposibles. |
| TEMA VII. Memoria. O enfoque do procesamento de información. | 1. Rexistro sensorial.<br>2. Memoria a curto prazo.<br>3. Memoria a longo prazo.<br>4. Niveis de procesamento: alternativa ao modelo de almacéns. |
| TEMA VIII. Memoria. O esquecemento | 1. Teorías.<br>2. Trastornos da memoria.<br>3. Incremento de memoria. |
| TEMA IX. Solución de problemas e pensamento creativo | 1. Unidades básicas do pensamento.<br>2. Imaxinaría mental.<br>3. Probas de creatividade.<br>4. Etapas do pensamento creativo.<br>5. A personalidade creativa. |
| TEMA X. Representación mental do espazo | 1. Mapas cognitivos.<br>2. Coñecemento ambiental.<br>3. Noción de mapa cognitivo.<br>4. Investigacións empíricas. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | 30 | 45 | 75 |
| Prácticas de laboratorio | 10 | 30 | 40 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Traballos tutelados | 1 | 0 | 1 |
| Traballos de aula | 6 | 0 | 6 |
| Outros | 0 | 8 | 8 |
| Prácticas autónomas a través de TIC | 1.5 | 7.5 | 9 |
| Presentacións/exposicións | 3 | 0 | 3 |
| Probas de tipo test | 1 | 0 | 1 |
| Cartafol/dossier | 0 | 7 | 7 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral | É unha exposición dos contidos básicos de cada tema. Foméntase a participación do alumnado mediante a presentación de cuestións e exercicios para resolver durante as exposicións. A exposición de contidos está apoiada por presentacións PowerPoint que se subirán á Plataforma virtual Tema. |
| Prácticas de laboratorio | As prácticas de laboratorio preséntanse para que os alumnos/as teñan un contacto directo coa experimentación de onde xorden os contidos desenvolvidos nas sesións maxistrais. Nestas prácticas hai que sinalar dous tipos de implicación por parte dos alumnos/as: colaboración en prácticas e asistencia a prácticas. A colaboración nas prácticas implica que o/a alumno/a se converte en experimentador/a e que se responsabiliza de realizar o experimento na clase. A asistencia ás prácticas implica que o/a alumno/a se converte en suxeito experimental e participa nun grupo de control ou experimental. Propóñense un total de 13 experimentos clásicos relacionados cos contidos do temario (percepción, memoria e creatividade). Cada experimento está deseñado para ser levado a cabo por un grupo máximo de dous alumnos que se encargarán de realizalo na clase práctica (baixo a supervisión da profesora). O resto dos alumnos participan no experimento como suxeitos experimentais formando parte dun grupo de control ou experimental. Para a colaboración en experimentos crearanse grupos de, como máximo, dous alumnos/as, e tantos grupos como experimentos se propoñen para cada un dos cinco grupos de prácticas. A elección da colaboración en prácticas realizarase na Plataforma Virtual, onde se atopará un resumo de cada experimento, así como o deseño e o material necesarios para levalos a cabo. Non se poderá colaborar en máis dun experimento. |
| Traballos tutelados | TRABALLOS TUTELADOS. 1. TRABALLOS DE ARTISTAS: elixirase un artista cuxa obra, proceso creativo ou experiencia estea relacionado coa temática proposta na materia. Trátase de reflexionar sobre a obra do/a artista a través do proceso psicolóxico. O traballo consta dunha pequena introdución na que se fala do proceso psicolóxico, unha contextualización na que se inclúe o momento histórico e a propia vida do/a artista, para finalizar coa análise da obra e a súa proxección na temática que se analiza. ÍNDICE: introdución, contexto, análise do traballo do/a artista, bibliografía. A extensión mínima do traballo mecanografado é de 15 folios a dobre espazo co tipo de letra Arial 12. Debe incluír bibliografía e estar paxinado. O traballo será individual. 2. XOGO PARA ENSINAR ARTE: crear un xogo (de cartas, un xogo tradicional como parchís, oca, etc.) para ensinar arte. O obxectivo é reflexionar sobre as etapas evolutivas na infancia-adolescencia e telas en conta para deseñar o xogo dirixido a achegar o neno/a ao mundo da arte. Pódense incluír os elementos que se consideren adecuados, mais deberanse xustificar: o uso da cor, determinadas formas, elementos de motivación (como eles mesmos ou persoas vinculadas dentro da obra…), etc. É necesario xerar as normas do xogo (pódense ter en conta normas que xa existen). Á parte do xogo e das normas, entregarase un informe no que se xustifiquen as distintas características do xogo en función da etapa evolutiva a quen vai dirixido. ÍNDICE: etapa evolutiva, características do xogo, xustificación e bibliografía. O mínimo son 10 folios a dobre espazo e o tipo de letra, Arial 12. 3. IMAXES GUIADAS: elixir unha obra dun/ha artista e quitar do cadro unha personaxe (un punto, unha liña, unha personaxe…) que nos servirá de guía para coñecer o/a artista e a súa obra.Todo ten que estar documentado e argumentado. Coñecer a etapa evolutiva para ver que é o que lles pode interesar máis aos nenos desa idade (motivación) e ter en conta o desenvolvemento cognitivo para adecuar o contido á idade. O traballo deberá conter un informe cos seguintes pasos: ÍNDICE: introdución (información sobre a etapa evolutiva a quen vai dirixido e por que), presentar o/a guía, facer unha viaxe para coñecer ao/a artista, coñecer a súa cidade e o seu momento histórico. Ex.: imos visitar ao artista á súa casa, imos ver o seu obradoiro e móstranos os seus traballos (un ou dos, os máis representativos). O informe terá unha extensión mínima de 15 folios a dobre espazo co tipo de letra Arial 12. Todos os traballos deben incluír unha portada co título do traballo, o nome e apelidos do/a autor/a, ano académico e materia. Ademais, deben incluír bibliografía e estar paxinados. A presentación de traballos farase en PowerPoint, previa revisión da profesora. O tempo máximo de exposición son 20 minutos. Na Plataforma Virtual da Universidade (FAITIC), no epígrafe PRÁCTICAS, atoparase a información sobre as distintas alternativas, coa posibilidade de introducir a elección correspondente. A data de entrega de todos os traballos é o último día de clase, o 20 de xaneiro de 2010. |
| Traballos de aula | Realización de actividades en grupo relacionadas cos contidos da materia. |

| | |
|---|---|
| Outros | Lecturas relacionadas coa materia. Esta actividade individual implicará un resumo e un comentario crítico. A extensión mínima do traballo mecanografado será de 10 folios a dobre espazo, co tipo de letra Arial 12. Tamén poderá ser presentado en clase cun tempo de exposición máximo de 15 minutos. A entrega dos resumos terá como data tope o último día de clase, o 20 de xaneiro de 2010. |
| Prácticas autónomas a través de TIC | Unha parte importante neste apartado é a proposta por parte dos alumnos de preguntas tipo test relacionadas cos distintos temas da materia. As preguntas terán 4 alternativas de resposta, das que só unha será correcta. Débese incluír feedback nas alternativas de resposta. As preguntas formuladas que teñan o visto e prace da profesora poden formar parte da proba tipo test para avaliar os contidos das clases maxistrais. Proporanse outras actividades para traballar os distintos contidos da materia: cuestionarios, exercicios de autoavaliación, estudos de caso, análises de obras, participación en foros e utilización do WIKI. Estes exercicios desenvolveranse na Plataforma Virtual TEMA, con datas de entrega e con feedback por parte da profesora. |
| Presentacións/exposicións | As presentacións e exposicións, tanto de traballos tutelados como de lecturas, realizarase mediante PowerPoint, previa revisión da profesora. O tempo de exposición máximo oscilará entre 15 e 20 minutos (incluíndo o tempo de resposta a posibles preguntas por parte dos compañeiros). |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Nas prácticas de laboratorio entregaráselle ao grupo (máximo tres alumnos/as) un deseño con todos os pasos. Resolveranse dúbidas e seguirase o proceso puntualmente ata a realización. Isto implicará reunións entre os alumnos/as e a profesora. Cada experimento implica a súa realización e a explicación de todo o proceso aos compañeiros, incluíndo os resultados. Para iso farase unha presentación PowerPoint que revisará a profesora. Os traballos tutelados requiren unha revisión de todo o proceso, a aceptación da proposta por parte da profesora, un esquema coas distintas partes, o visto e prace do traballo e a revisión da presentación. As actividades que se formulan a través de TIC recibirán unha valoración (feedback) por parte da profesora. |
| Traballos tutelados | Nas prácticas de laboratorio entregaráselle ao grupo (máximo tres alumnos/as) un deseño con todos os pasos. Resolveranse dúbidas e seguirase o proceso puntualmente ata a realización. Isto implicará reunións entre os alumnos/as e a profesora. Cada experimento implica a súa realización e a explicación de todo o proceso aos compañeiros, incluíndo os resultados. Para iso farase unha presentación PowerPoint que revisará a profesora. Os traballos tutelados requiren unha revisión de todo o proceso, a aceptación da proposta por parte da profesora, un esquema coas distintas partes, o visto e prace do traballo e a revisión da presentación. As actividades que se formulan a través de TIC recibirán unha valoración (feedback) por parte da profesora. |
| Prácticas autónomas a través de TIC | Nas prácticas de laboratorio entregaráselle ao grupo (máximo tres alumnos/as) un deseño con todos os pasos. Resolveranse dúbidas e seguirase o proceso puntualmente ata a realización. Isto implicará reunións entre os alumnos/as e a profesora. Cada experimento implica a súa realización e a explicación de todo o proceso aos compañeiros, incluíndo os resultados. Para iso farase unha presentación PowerPoint que revisará a profesora. Os traballos tutelados requiren unha revisión de todo o proceso, a aceptación da proposta por parte da profesora, un esquema coas distintas partes, o visto e prace do traballo e a revisión da presentación. As actividades que se formulan a través de TIC recibirán unha valoración (feedback) por parte da profesora. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Avaliación formativa continua.<br><br>Avaliación sumativa: valórase a asistencia, a preparación e documentación, a claridade, a organización de contidos, o traballo en grupo e a actitude. | 10 |
| Traballos tutelados | Avaliación formativa continua.<br><br>Valórase a adecuación ás normas preestablecidas pola profesora e a actitude. | 5 |
| Traballos de aula | Avaliación formativa continua.<br><br>Avaliación sumativa: valórase a colaboración e a implicación nas actividades. | 5 |
| Outros | Avaliación sumativa de lecturas: valórase a adecuación ás normas preestablecidas, a implicación, o nivel de profundidade en argumentacións e reflexións, e a actitude. | 5 |
| Prácticas autónomas a través de TIC | Avaliación formativa e continua.<br><br>Avaliación sumativa: valórase o emprego de distintas ferramentas, a implicación, as argumentacións e reflexións, e a actitude. | 5 |

| | | |
|---|---|---|
| Presentacións/exposicións | Avaliación formativa e continua.<br><br>Avaliación sumativa: valórase a claridade e a sinxeleza na exposición, a compostura e a actitude na exposición. | 5 |
| Probas de tipo test | Avaliación sumativa e final: consistirá nunha proba obxectiva sobre os contidos que conforman a materia. A proba constará de 30 preguntas con catro alternativas, das que só unha é correcta. Esta evaluación faráse no período de evaluación o final do cuatrimestre, en horario de teoría. | 60 |
| Cartafol/dossier | Avaliación final do traballo tutelado: valórase a adecuación ás normas establecidas, a preparación, a claridade, os medios utilizados e o nivel de profundidade. | 5 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

**Evaluación final.** La valoración final consistirá en la suma de las puntuaciones alcanzadas en todos los apartados. La puntuación mínima para superar la asignatura es de 5 puntos. Para optar a la Matrícula de Honor será necesario obtener la puntuación máxima en cada apartado.

**Evaluación optativa.** Los alumnos que por circunstancias personales no realicen ninguna actividad práctica pueden presentarse sólo al examen final. Consistirá en un prueba objetiva sobre los contenidos que conforman la asignatura. La prueba constará de 30 preguntas. La valoración máxima de esta prueba es de 6.

**Avaliación final**: la valoración final consistirá na suma das puntuacións acadadas en todos os apartados. A puntuación mínima para superar a materia é de 5 puntos. Para optar á matrícula de honra será necesario obter a puntuación máxima en cada apartado.
**Avaliación optativa**: los alumnos que, por circunstancias persoais, non realicen ningunha actividade práctica poden presentarse só ao exame final. Consistirá nunha proba obxectiva sobre os contidos que conforman a materia. A proba constará de 30 preguntas. A valoración máxima desta proba é de 6.

## Bibliografía. Fontes de información


COON, D., **Psicología**, 1999,

CAMPOS, A., **Manual de prácticas de psicología básica**, 1988,

FERNÁNDEZ BALLESTEROS, J. L., **Procesos básicos de psicología general I**, 2000,

GOLDSTEIN, E.B., **Sensación y percepción**, 1999,

LAHEY, B.B., **Introducción a la psicología**, 1999,

MYER, D. G., **Psicología**, 1999,

SCHIFFMAN, H. R., **La percepción sensorial**, 1981,

ROCK, I., **La percepción**, 1985,

VEGA DE M., **Introducción a la psicología cognitiva**, 1984,

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

ARNHEIM, R. (1995). *Arte y percepción visual*. Madrid: Alianza.

BALLESTEROS, S. (2000). *Psicología general: un enfoque cognitivo para el siglo XXI.* Madrid: Universitas.

BEST, J.B. (2001). *Psicología cognitiva*. Madrid: Paraninfo.

S.A. (1993*). El desarrollo de la imaginación*. Barcelona: Paidós.

GOMBRICH, E. H. (1993). *La imagen y el ojo*. Madrid: Alianza Forma.

GOMBRICH, E. H. (1998). Meditaciones sobre un caballo de juguete y otros ensayos sobre la teoría del arte. Madrid: Debate.

LÁZARO, V. (2000). La representación mental del espacio a lo largo de la vida. Zaragoza: Egido.

SCHACTER, D. L. (1999). *En busca de la memoria: el cerebro, la mente y el pasado*. Barcelona: Ediciones Grupo Zeta.

VIGOUROUX, R. (1996). *La fábrica de lo bello.* Barcelona: Prensa Ibérica.


## Recomendacións

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Arte, linguaxe e representación**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Arte, linguaxe e representación | | | |
| Código | P01G010V01303 | | | |
| Titulación | Grao en Belas Artes | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Pintura | | | |
| Coordinador/a | Nuñez Jimenez, Marina | | | |
| Profesorado | Alvarez Caccamo, Berta<br>Nuñez Jimenez, Marina | | | |
| Correo-e | netmarina@gmail.com | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Materia interdisciplinar que aborda un achegamento semiótico á cultura visual e á práctica da arte.<br>Trátase de comprender como funcionan os signos e cales son as estratexias concretas de significación das imaxes que nos rodean.<br>Así aprenderemos a lelas con competencia e a empregar, ao producirmos as obras, as tácticas que máis se adecúen aos nosos propósitos comunicativos. | | | |

## Competencias de titulación

| Código | |
|---|---|
| A4 | Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade |
| A6 | Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte |
| A9 | Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística |
| A21 | Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo. |
| A25 | Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico. |
| A31 | Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística. |
| A36 | Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística |
| A42 | Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística |
| B1 | Capacidade de xestión da información. |
| B2 | Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo |

## Competencias de materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|
| Coñecemento das funcións expresivas e comunicativas dunha obra artística. | A6<br>A9 | |
| Coñecemento da sintaxe e figuras retóricas dunha obra artística. | A6 | |
| Coñecementos dos códigos de representación da obra artística. | A6 | |
| Coñecemento do contexto cultural e artístico en relación coa cultura visual. | A4<br>A6 | |
| Capacidade para o desenvolvemento das funcións expresivas e comunicativas dunha obra artística. | A21 | |
| Capacidade para a lectura e análise de imaxes. | A25 | B2 |
| Capacidade para a representación artística da realidade. | A31<br>A36 | |
| Habilidade para o manexo dos códigos de representación na creación artística. | A42 | |
| Habilidade para a lectura e análise de imaxes. | A25 | B1<br>B2 |
| Habilidade para a representación artística da realidade. | A42 | |

## Contidos

| Tema |
|---|

| | |
|---|---|
| Introdución á semiótica. | De Saussure definiu a semiótica como unha ciencia que estuda a vida dos signos no seo da vida social. A énfase na relación do signo co seu contexto social será fundamental nesta aproximación. O signo se eríxese en lugar de algo por consenso e uso común, non por necesidade. Entender a arbitrariedade dos signos é o punto de partida para entender que a representación nunca é natural, nin obxectiva, nin inocente: independentemente das súas pretensións, sempre está impregnada de ideoloxía. |
| As funcións da linguaxe. Factores da comunicación na obra de arte. | A clasificación de Roman Jakobson das funcións da linguaxe (funcións referencial, apelativa, expresiva, fática, poética e metalingüística) é o punto de partida para estimular a facultade crítica ao ler. A nosa posición como lectores está condicionada por asuncións tácitas das que non somos conscientes. O coñecemento de como funciona a linguaxe fai que os procesos de significación non se vexan como a simple transmisión de significados xa constituídos, senón que se entendan como o lugar no que se constrúe a realidade. |
| Códigos de representación. Sintaxe da imaxe. | A cuestión de como se significa non é simplemente formal, mais o formal é fundamental para significar. É o substrato fundamental sobre o que se asentan os significados. Por iso hai que comprender que cada código de representación está baseado en certas eleccións formais e que cada elección formal supón, no marco relativamente estable da cultura do/a artista, significados concretos, é dicir, o que a obra nos conta non está só determinado polas eleccións iconográficas ou narrativas, de as houber, senón que, na técnica empregada, na lonxitude do trazo, no tamaño dun motivo en relación ao tamaño total da imaxe, no soporte elixido, no emprego dunha ou doutra perspectiva, no que se enfoca ou desenfoca está implicadas moitas das súas afirmacións. |
| Relacións entre realidade, percepción e representación. | A percepción non é un proceso estritamente fisiolóxico, de rexistro directo, senón unha construción mental baseada nas sensacións, unha codificación do mundo en signos icónicos que poidan representalo dentro da nosa mente. Esa codificación ten implícita unha perspectiva concreta que parte dos esquemas aprendidos, é dicir, o mundo non se experimenta sen mediación. Só é intelixible no discurso -que é unha estrutura social historicamente concreta de institucións, categorías e crenzas. Se non hai unha percepción nno mediada, menos aínda haberá unha representación natural, xa que estamos falando dunha codificación de segundo grao. A pesar de todas as concepcións románticas da arte como expresión persoal, directa e libre, a creación artística implica unha linguaxe baseado nunhas convencións herdadas a través da educación nos parámetros dunha sociedade. E non se trata só de en que medida é posible que unha representación reflicta o que entendemos por realidade, senón que hai que entender tamén que ese concepto chamado realidade fórxase, en parte, a través das representacións. As representacións non son tan só un reflexo pasivo de significados e valores, senón unhas construtoras activas deses significados e valores. A través delas aprehendemos o mundo e, polo tanto, elas, en gran medida, constrúen a nosa idea do mundo. |
| Relacións transtextuais. | Todo texto relaciónase, na súa escritura e na súa lectura, co conxunto de textos que o precederon ou que o rodean, de maneira que podemos falar da existencia dun marco transtextual. Como di Barthes, o texto está enteiramente entretecido de citas, referencias e ecos. Toda obra é un palimpsesto, un texto que se superpón a outro, ao que no tapa por completo. Seguindo a clasificación de Gerard Genette, estudaremos cinco relacións transtextuais: paratextualidade, metatextualidade, arquitextualidade, intertextualidade e hipertextualidade. As dúas últimas son as empregadas nas prácticas apropiacionistas, tan características dunha época na que os signos crecen uns sobre os outros e o xogo de imaxes ten cada vez menos que ver cunha (hipotética) realidade exterior. |
